

RESOLUCIÓN DO 16 DE ABRIL DE 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL, POLA QUE SE CONVOCAN PROBAS DE ACCESO ÁS ENSEÑANZAS DEPORTIVAS PARA O CURSO 2025/2026

DOG NÚM. 82 do Mércores, 30 de abril de 2025

enlace: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250430/AnuncioG0761-160425-0003_gl.pdf

Proba substitutiva do requisito de titulación de educación secundaria obrigatoria e/ou na proba específica de grao medio:

- Prazo de inscrición: do **1 de maio ao 25 de xuño de 2025**
- A relación provisional de persoas admitidas e excluídas será exposta no taboleiro do centro o **26 de xuño de 2025** e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal>
- Reclamacións: o **27 e 30 de xuño de 2025** na secretaría do centro
- A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas será exposta no taboleiro do centro o **2 de xullo de 2025** e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal>
- A proba para que non cumpra o requisito de titulación da ESO terá lugar o día **3 de xullo de 2025** no IES San Clemente (rúa de San Clemente, s/n Santiago de Compostela), **presentación as 9:15 horas**
- Listaxe provisional das cualificacións: **4 de xullo de 2025**
- Reclamacións a listaxe provisional das cualificacións: **7 e 8 de xullo de 2025**
- Listaxe definitiva das cualificacións: **10 de xullo de 2025**

Proba substitutiva do requisito de titulación de bacharelato:

- Prazo de inscrición: do **01 ao 16 de maio de 2025**
- A relación provisional de persoas admitidas e excluídas será exposta no taboleiro do centro o **20 de maio de 2025** e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal>
- Reclamacións: o **21 e 23 de maio de 2025** na secretaría do centro
- A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas será exposta no taboleiro do centro o **26 de maio de 2025** e no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal>
- A proba para que non cumpra o requisito de titulación de Bacharelato terá lugar o día **27 de maio de 2025** no IES San Clemente (rúa de San Clemente, s/n Santiago de Compostela), **presentación as 9,30 horas**
- Listaxe provisional das cualificacións: **30 de maio de 2025**
- Reclamacións a listaxe provisional das cualificacións: **2 e 3 de xuño de 2025**
- Listaxe definitiva das cualificacións: **6 de xuño de 2025**

Documentación que se debe aportar:

- Orixinal da solicitude de inscrición
- Copia do DNI, NIE ou pasaporte
- Xustificante do aboamento dos prezos públicos. No caso de bonificación ou exención no pagamento do prezo público, documento que o acredite
- Acreditación da titulación de acceso. CERTIFICACIÓN ACADÉMICA orixinal ou copia cotexada, na que consten todos os cursos e de ser o caso figure que se realizou o depósito do correspondente título

NON SE RECOLLERÁ NINGUNHA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN INCOMPLETA

As probas de acceso de grao medio de carácter específico terán lugar :

- **Na modalidade de baloncesto**, no CIFP Fontecarmoa (rúa Fontecarmoa, 92, Vilagarcía de Arousa, **o 17 de xullo de 2025, ás 10:00 horas**).
- **Na modalidade de vela**, nas instalacións do Centro Galego de Vela (Rampla Cavadadelo, s,n, Vilagarcía de Arousa) **o día 17 de xullo de 2025 ás 11:30 horas**; poden variar a data e/ou hora do exame no caso de non darse as condicións meteorolóxicas.

MATRÍCULA

O prazo de matrícula das persoas aspirantes que superen o proceso de admisión abranguerá **desde a data de publicación das cualificacións definitivas ata o 31 de xullo de 2025**.